

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación OBRAS E PROXECTOS

EXPEDIENTE:	2024/00038401Z
PROCEDEMENTO:	P1 - Previo de necesidades
DESCRIPCIÓN	Servizo de Asistencia Técnica Redacc Prox Básico e Execución e Direcc Facult (DO+DEI+CSS) "Naturalización da lagoa do Auditorio de Galicia e restauración fluvial do río Corgo"

EXPEDIENTE

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

“Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adjudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adjudicación.”

A fundamentación principal é a necesidade de contratar un servizo de asistencia técnica de redacción do proxecto básico e de execución e dirección facultativa (dirección de obra (DO), dirección de execución de instalacións (DEI) e coordinación de seguridade e Saúde(CSS)) do expediente de referencia.

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

CENTRO XESTOR PROPOÑENTE	
CLAVE	CX-13
DENOMINACIÓN	Parques e Xardíns
PERSONA RESPONSABLE DO SEGUIMENTO	
NOME	Teresa Vázquez Hernández
CARGO	Arquitecta

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación OBRAS E PROXECTOS

2. CONTRATO SARA:

	Si
X	Non

2.1. DIRECTIVA DE APLICACIÓN:

	Directiva 2014/23/EU - relativa á adxudicación de contratos de concesión
X	Directiva 2014/24/EU - sobre Contratación Pública
	Directiva 2009/81/EC - relativa á adxudicación de contratos de subministración, servizos e obras no ámbito da defensa e a seguridade
	Non aplica

3. TIPO DE CONTRATO:

	Subministración
X	Servizos
	Obras
	Administrativo especial
	Privado
	Xestión de Servizos Públicos
	Concesión de Servizos
	Concesión de Obras Públicas
	Concesión de Obras
	Colaboración entre o sector público e o sector privado Patrimonial

4. SUBTIPO DO CONTRATO

--

5. OBJECTO DO CONTRATO

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, aprobado polo Acordo de Consello de Ministros do 13 de xullo de 2021 persegue, entre os seus obxectivos, ser referente na protección e conservación da riqueza dos seus bens naturais como activo de sustentabilidade para os territorios e elemento fundamental para facer fronte aos desafíos climáticos, apostando pola descarbonización e o investimento en infraestruturas verdes e solucións baseadas na natureza. Do mesmo xeito, persegue o obxectivo de ser un país resiliente, que impulse a ciencia e a I+D+i, as cidades sostibles e o reto demográfico para garantir a cohesión territorial.

O Plan, entre outras medidas, inclúe no compoñente 4, o investimento 3 (C4.I3) Restauración de ecosistemas e infraestrutura verde, que comprende un conxunto de investimentos e liñas de subvencións en apoio á implementación da Reforma 2: restauración de ecosistemas naturais, recuperación de zonas alteradas por actividades

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación OBRAS E PROXECTOS

mineiras, fomento da conectividade e iniciativas en contornas urbanas destinadas á súa reverdecimiento e achegamento da natureza.

Con data 28 de setembro publicouse no Boletín Oficial do Estado, a Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade, F.S.P., para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Con data do 19 de outubro publícase a Resolución da Dirección da Fundación Biodiversidade F.S.P. da convocatoria de subvencións para o fomento de actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, correspondente ao ano 2022 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Dita convocatoria correspóndese co Investimento 3 Compoñente 4 anteriormente mencionado.

O Concello de Santiago de Compostela foi beneficiario desta convocatoria para a execución do proxecto “Entre Sar e Sarela. Proxecto para a renaturalización, mellora da biodiversidade e consolidación da infraestrutura verde de Santiago de Compostela”, o cal conta co apoio da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, dentro do cal se integra a acción B2 “ *Naturalización da lagoa do Auditorio de Galicia, restauración fluvial do río Corgo e mellora ecolóxica das áreas verdes contiguas*”.

O obxecto do contrato é o servizo de asistencia técnica de redacción de anteproxecto, proxecto de execución e dirección facultativa (dirección de obra (DO), dirección de execución de instalacións (DEI) e coordinación de seguridade e Saúde(CSS)) da citada actuación B2.

6. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

O obxectivo da intervención é, fundamentalmente, a renaturalización transformadora do ámbito, mellorando a súa contribución ecolóxica e incrementando a conectividade física e funcional entre o anel verde e a trama urbana, mediante naturalización de elementos hídricos como son parte do leito do río Corgo e a naturalización da Lagoa do Auditorio, incluíndo Solucións Baseadas na Natureza (SBN) para a resolución das problemáticas identificadas, así como unha mellora ecolóxica do ámbito, incluíndo as áreas verdes adxacentes, diversificando estes hábitats.

Serán obxecto deste contrato:

- Redacción de proxecto básico e de execución completo. Deseñará, describirá, medirá e valorará as obras e traballos necesarios para as actuacións de renaturalización do barrio e implantación de zonas verdes urbanas que conecten os usos urbanos e dinámicas ecolóxicas.
- A dirección facultativa das obras (DO+DEI+CSS). Consiste na dirección de obra (DO), dirección de execución de instalacións (DEI) e coordinación de seguridade e saúde (CSS), que se concreta no desempeño das actividades que permiten dirixir o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medio ambientais, de conformidade co proxecto que a define, e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación OBRAS E PROXECTOS

asegurar a súa adecuación ao fin proposto. Estenderase desde o momento da comprobación da implantación ata a liquidación do contrato de obras.

Entre as funcións para desenvolver pola dirección facultativa da obra inclúense os labores de dirección de contrato, segundo a Lei de Contratos do Sector Público vixente (en adiante LCSP).

- Asistencia á Xestión Administrativa, Ambiental, Seguimento, Medición de resultados e indicadores e Comunicación do proxecto.

7. DECLARACIÓN INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Ante a insuficiencia de medios persoais e/ou materiais propios, o servizo de proxectos e Obras non dispón de capacidade para realizar as tarefas de redacción de proxecto básico e de execución e de dirección facultativa aquí recollidas, polo que se procede á contratación das mesmas por medio de empresas privadas.

8. COMPRA PÚBLICA INNOVADORA:

X	Non
	Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora
	Compra Pública Precomercial

9. PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN

	Aberto
X	Aberto simplificado
	Asociación para a innovación
	Baseado en Acordo Marco
	Baseado en sistema dinámico de adquisición
	Concurso de proxectos
	Contrato menor
	Derivado de asociación para a innovación
	Díálogo competitivo
	Licitación con negociación
	Negociado con publicidade
	Negociado sen publicidade Restringido

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación OBRAS E PROXECTOS

10. SISTEMA DE CONTRATACIÓN

	Contrato baseado nun Acordo Marco
	Contrato baseado nun Sistema Dinámico de Adquisición
	Establecemento do Acordo Marco
	Establecemento do Sistema Dinámico de Adquisición
X	Non aplica

11. TIPO TRAMITACIÓN

	Emerxencia
X	Ordinaria
	Urxente

12. NOMENCLATURA (CPV)

71000000-8 - Servizos de arquitectura, construción, enxeñería e inspección.

13. TRAMITACIÓN DO GASTO

X	Ordinaria
	Anticipada

14. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Valor estimado do contrato	83.297,28 euros
Valor estimado da prórroga	
Prórroga extraordinaria art.29.4 LCSP (6 meses)	
TOTAL DO VALOR ESTIMADO	83.297,28 euros

15. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

<i>Tipo de licitación</i>	83.297,28 €
(21)% de I.V.A.	17.492,43 €
TOTAL	100.789,71 €

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación OBRAS E PROXECTOS

16. PARTIDA ORZAMENTARIA

Nº Aplicación orzamentaria	040 17100 6090002 2024 2 NGESS 15
----------------------------	-----------------------------------

17. FINANCIACIÓN UE OU OUTRA

<input checked="" type="checkbox"/>	Si	Nome do Plan:	Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)(NextGenerationUE)
		Porcentaxe de Financiación	95% Fondos Europeos 5% Aportación Municipal
		Nº Bases Subvención	C04.I03.P03.S08.PROVISIONAL.S34
		Non	

18. DIVISIÓN POR LOTES

	Si
<input checked="" type="checkbox"/>	Non

18.1. XUSTIFICACIÓN DA NON PROCEDENCIA DA DIVISIÓN POR LOTES

Proponse a contratación conxunta da redacción de proxecto e dirección facultativa ó entender que, no caso que nos ocupa, a contratación separada destas prestacións conlevaría unha merma na calidade das prestacións obxecto do contrato e dificultaría a coordinación e continuidade entre a fase de redacción de proxecto e execución da obra.

A redacción do proxecto de execución responde a un traballo prolongado no tempo de coordinación e toma de decisións entre os técnicos redactores e os técnicos municipais; que o equipo redactor coincida co equipo da execución da obra ten unha influencia decisiva na mellora da prestación, permitindo unha visión global da actuación e facilita a toma de decisións na fase de dirección de obra. Resulta así evidente a mellora na calidade da prestación que vai a supoñer que os redactores do proxecto asuman tamén a dirección facultativa.

En canto á coordinación e continuidade entre a fase de redacción de proxecto e execución d obra comentar que neste caso hai uns estritos límites temporais para a execución da actuación (financiada con Fondos Europeos) polo que se fai necesario buscar a maior celeridade nos procesos de licitación. Dividir a licitación unicamente conlevaría un maior esforzo e tempo na coordinación das prestacións e nas licitacións.

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación OBRAS E PROXECTOS

19. FÓRMULA REVISIÓN DE PREZOS:

	Si
X	Non

20. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

OBRIGATORIA	Si	
	Non	X

Clasificación:

Outros requisitos de solvencia técnica

A empresa licitadora deberá comprometer os medios mínimos recollidos no prego de condicións técnicas que rexerá o contrato.

21. EMPRAZAMENTO

Lagoa do Auditorio e río Corgo.

22. DIRECCIÓN

Lagoa do Auditorio e río Corgo.

23. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS E PRÓRROGAS

Os prazos de execución estimados son os seguintes:

Fases	Prazos
Fase I_Prox Básico e Estudos Previos	2 meses
Fase II_Proxecto de Execución	2 meses
Fase III_Dirección Facultativa	Dende o inicio ata a finalización das obras (5 meses)
Fase IV_Doc Final	Entrega da documentación final

24. CONDICIONES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DEL CONTRATO

Condicions de tipo ambiental:

O contratista será responsable de verificar o cumprimento dos obxectivos na execución do contrato de obras en relación coa emisión de gases de efectos invernadoiro e unha redución significativa do consumo de enerxía primaria.

Deberá comprobar que o 70% (en peso) dos residuos non perigosos de construción e demolición (excluíndo os materiais naturais mencionados na categoría 17 05 04 da lista de residuos establecida pola Decisión da Comisión europea 2000/532/CE) xerados na obra de construción se preparen para a reutilización, a reciclaxe e a revalorización doutros materiais, incluídas as operacións de recheo empregando

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación OBRAS E PROXECTOS

residuos para substituír outros materiais, de conformidade coa xerarquía de residuos e o Protocolo e xestión de residuos de construción e demolición da UE.

O contratista deberá propoñer na redacción do proxecto a utilización de materiais sustentables.

Condicións de tipo social e de cumprimento das Convencións fundamentais da Organización Mundial do Traballo:

O contratista deberá aboarles, como mínimo, aos traballadores que participen na execución do contrato o salario fixado no Convenio Colectivo estatal do sector de empresas de enxeñaría e oficinas de estudos técnicos segundo a categoría profesional que lles corresponda. O salario que lles abone en ningún caso pode ser inferior ao fixado no dito convenio.

O contratista non efectuará ningunha discriminación salarial nin de trato por razón de sexo respecto dos traballadores que participen na execución do contrato.

25. SUBCONTRATACIÓN :

X	Si	Porcentaxe:
	Non	

Posto que a adxudicación responde a perfís profesionais concretos, só se permite a subcontratación das actuacións previas recollidas no punto 2.1. do PCTP.

26. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

	Pago ÚNICO
X	Pago mensual
	Pago trimestral
X	Pago por fases executadas
	Outras formas

Establecerase segundo o recollido no prego:

- Redacción do proxecto básico e de execución: pago por fases executadas e aprobadas trala supervisión municipal.
- Dirección facultativa e documentación Final: pago de forma proporcional ás certificacións e á entrega da documentación final.